

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 26 DE XUÑO DE 2017.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **TRECE HORAS** do día **VINTESEIS DE XUÑO DE DOUS MIL DEZASETE**, baixo a Presidencia do 1º Tte de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia dos concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**, **JESUS TABOADA LÁZARA** e **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Excusa súa asistencia: **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**

Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.**
- 2º.- SERVIZOS SOCIAIS.**
- 3º.- URBANISMO.**

1º.- ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

Queda aprobada a Acta da sesión do;
- 07 de Xuño de 2017

2º.- SERVICIOS SOCIAIS.

Pola Concelleira de Servizos Sociais, M.^a del Pilar Peón Iglesias, dase conta da aplicación denominada "CIGESAD" para a xestión do Servizo de Axuda no Fogar, presentada pola empresa Consultoría Informática para la Gestión Social.

A mencionada aplicación conta dos seguintes módulos:

- Módulo de Xestión:

Permite o control da lista de agarda, a clasificación das persoas usuarias segundo múltiples criterios (*estado no servizo, tipo de problemática, tipo de servizo, zona de residencia, traballador social...*), a elaboración do Plan de Intervención que esixe a normativa autonómica, a solicitude de altas no servizo, a realización das planificacións de forma automatizada, o control e rexistro de incidencias, a elaboración, supervisión e arquivo automático dos Informes de Seguimento que eixe a normativa autonómica... Todo o que ocorre cunha persoa dende a data de alta no servizo ate a súa data de baixa, queda rexistrado, documentado e gardado no seu cartafol dende iste módulo. No momento necesario calquera información pode consultarse por múltiples criterios, e tamén pode imprimirse.

- Módulo de control de asistencia e puntualidade das auxiliares

CIGESAD incorpora unha funcionalidade que permite que as auxiliares realicen unha fichaxe telefónica (de balde para o concello e os usuarios) ao entrar e saír de cada vivenda, de maneira que se pode contrastar o horario realizado co previsto. A plataforma rexistra e analiza automaticamente as discrepancias, que poden consultarse por persoa usuaria ou por auxiliar. Esta funcionalidade proporciona unha información veraz e obxectiva aos responsables municipais e consecuentemente seguridade e garantía ante posibles queixas. Protexe ás persoas usuarias ante posibles malas praxis por parte das auxiliares, pero tamén protexe ás auxiliares ante queixas infundadas debidas a perdas de memoria e despistes das persoas usuarias, evitando os indesexables conflitos que de cando en vez se producen neste servizo.

- Módulo de facturación de servizos

Realiza de forma automatizada a facturación mensual para cada persoa usuaria, a partir das incidencias rexistradas ao longo do mes, tendo en conta si o servizo é de Libre Concorrenza (municipal) ou do Sistema de Dependencia (autonómico). Si os responsables municipais así o desexan, a plataforma xera o ficheiro bancario para os cobros, e tamén xera cartas personalizadas, co detalle dos servizos recibidos cada mes, as incidencias relativas á facturación (ausencias, servizos extraordinarios...), o custo correspondente a cada día de servizo, e o custo total mensual. Ademais CIGESAD facilita unha relación detallada dos servizos prestados pola empresa cada mes para a súa facturación, cas incidencias é a súa explicación.

- Módulo de explotación de datos

Permite elaborar todo tipo de listaxes sobre o servizo. Esta información é de gran utilidade para a elaboración de memorias, a análise do servizo desde distintas variables, a xustificación do Plan Concertado.

- Módulo de servizos complementarios

Facilita a xestión de axudas técnicas (guindastres, cadeiras de rodas, asentos de baño, alzas de cama...) e servizos profesionais (podólogo, fisioterapeuta, psicólogo...) que adoitan ofrecer as empresas como melloras no servizo de Axuda no Fogar. Permite o control dos recursos asignados ao servizo, os aplicados a cada usuario en cada momento, a consulta e asignación do remanente, e a análise da utilización e consumo dos mesmos. Ademais, como mecanismo de seguridade, non permite dar a baixa a unha persoa no servizo si esa persoa ten asignada en préstamo algunha axuda técnica que non se deu de baixa previamente.

- Módulo de control do Servizo de Teleasistencia e Xantar

Leva o control de usuarios dos servizos de Teleasistencia e Xantar que permite axuntar nunha única plataforma de xestión todos os servizos domiciliarios.

- Módulo de acceso ás familias (Web do Familiar)

Este módulo permite que as persoas usuarias poden ter acceso á información do seu propio servizo, ofrecendo unha imaxe TRANSPARENCIA na xestión dos servizos públicos. Si os

responsables municipais así o deciden, CIGESAD pode xerar automaticamente un enlace no que (a través dun login e un password) dáse acceso ao expediente de cada usuario e que poida consultar a información máis relevante en relación ao seu servizo (plan de intervención, horarios, tarefas, auxiliar, fichaxes, incidencias, facturas...).

- Módulos de acceso á empresa prestadora para comunicación e alimentación

CIGESAD proporciona gratuitamente dúas funcionalidades para que o concello manteña o control sobre o servizo. Por unha banda o módulo de alimentación da información, de maneira que as persoas asignadas na empresa introducen en CIGESAD a información do que ocorre no servizo e os técnicos e responsables municipais téñena sempre accesible. Doutra banda un módulo de comunicación interna empresa-concello, para que non haxa que utilizar o correo electrónico nin o teléfono. Deste xeito toda a información relativa ao servizo queda rexistrada, ordenada, e a súa consulta é doada.

Visto que no contido do servizo inclúese Servizo de licenza de uso e posta en marcha da aplicación "CIGESAD" para a xestión do Servizo de Axuda no Fogar do Concello de SILLEDA.

Visto que as especificacións do servizo son:

- Licenza do dereito de uso, configuración e parametrización da plataforma CIGESAD, sistema de información web para a xestión do Servizo de Axudano Fogar do Concello de SILLEDA e os seus Módulos de Xestión.
- Suministro dunha dirección web para o uso da plataforma CIGESAD, cuxo acceso realizarase introducindo unha clave persoal e unha contrasinal por parte de cada unha das persoas autorizadas polo Concello.
- Importación inicial dos datos que sexan fornecidos polo Departamento de Servizos Sociais en ficheiros electrónicos compatibles con CIGESAD.
- Xestión de accesos e usuarios que decida o Concello de SILLEDA, quen designará a una persoa como "administrador" da plataforma. Esta persoa poderá crear cantas claves de acceso sexan precisas e revocalas cando así o considere, así como xestionar os niveis de acceso correspondentes en cada caso.
- Uso inmediato da plataforma unha vez se materialice a alta na mesma.
- Formación inicial presencial (unha sesión de 4 horas) nos primeiros 15 días inmediatos á posta en marcha da plataforma.
- Posta en funcionamento dun Módulo de control de asistencia e puntualidade do servizo, para o seguimento da atención recibida polos usuarios do servizo de axuda a domicilio cunha liña de teléfono 900.
- Posta en funcionamento dun Módulo de Acceso a Familias, que permita aos familiares das persoas usuarias do servizo consultar de forma directa e puntual información sobre o estado do servizo que recibe el mesmo ou o seu familiar.
- Posta en funcionamento dun Módulo de Alimentación de Datos para que a empresa prestadora do servizo alimente diariamente a plataforma e que poida haber comunicación on-line en tempo real entre empresa e servizos sociais municipais.

- Asistencia técnica profesional (telefónica) para proporcionar asesoramento e supervisión ante as dúbidas que os técnicos do departamento de servizos sociais do Concello de SILLEDA poidan ter en relación ó uso da plataforma, en horario de 10:00 a 15:00, de luns a venres.
- Soporte técnico, telefónico e por correo electrónico, para a resolución de incidencias que puntualmente poidan producirse co manexo da plataforma CIGESAD en horario de 10:00 a 15:00 de luns a venres.
- Servizo de Mantemento ante incidencias en horario de 10:00 a 15:00 de luns a venres.
- Instalación de balde de todas as Actualizacións que se vaian desenvolvendo para dotar á plataforma de novas funcionalidades e/ou adaptala a requirimentos normativos futuros.
- Cumprimento das directrices estándar en canto ao aseguramento da confidencialidade e a dispoñibilidade e integridade dos datos almacenados.
- Sistema de control de acceso de usuarios que impida usos maliciosos e/ou irresponsables, e que realice un seguimento e rexistro das conexións que se realizan.

Visto que o orzamento desta aplicación, para doce meses, é:

Cota de Alta

Prezo unitario	Prezo anualidade	IVE 21 %	Prezo Total
1.204,00 €	1.204,00 €	252,84 €	1.456,84 €

Cotas mensuais

Prezo unitario	Prezo anualidade	IVE 21 %	Prezo Total
180,00 €	2.160,00 €	453,60 €	2.613,60 €

Orzamento total

Prezo total	IVE 21 %	Prezo Total
3.364,00 €	706,44 €	4.070,44 €

Xunta de Goberno Local, por unanimidade, ACORDA a adquisición da aplicación denominada "CIGESAD" para a xestión do Servizo de Axuda no Fogar, así como dar conta de este acordo a Intervención.

3º.- URBANISMO.

3.1.- Licenza de Obra Maior. Reforma de vivenda unifamiliar illada. JOSÉ NEIRA ÁLVAREZ.

Vista a solicitude de licenza de obra maior, presentada por JOSÉ NEIRA ÁLVAREZ, Rexistro de Entrada nº 260 de data 20 de xaneiro de 2017, para reforma de vivenda unifamiliar illada, no lugar de

Cuiña, n.º 30, parroquia de Piñeiro (Silleda), referencia catastral 36052D502060010001MQ, segundo proxecto básico e de execución do arquitecto Luis Fernández Fernández.

Visto o informe emitido o 21 de xuño de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante: José Neira Álvarez
Data de rexistro: 22.XAN.2017 N.º: 260 Data escrito: 20.XAN.2017
Solicitud: Reform,a de vivenda unifamiliar illada.
Tipo de Solicitud: Obra Maior Superficie construída: 218 m2
Emprazamento: Lugar de Cuiña, n.º 30, Piñeiro.
Referencia catastral: 36052D502060010001MQ Superficie Catastro: 1.170 m2
Autor do Proxecto: Luis Fernández Fernández, arquitecto COAG 4151
Proxecto: Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 20/01/2017, n.º 1700320,3.
Dirección de obra: n/d
Dirección de execución: n/d
Exposición pública BOP DOGA Prensa
Orzamento (P.E.M.) 90,310,45 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, p.:lr el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 272016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia,
- 5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos,
- 6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 10 R.D. 2187/1978, de 23 de xuño de 1978, Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
11. Decreto 29 2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
12. Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia.
- 13 Planeamento do Concello de Silleda
 - 13.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
 - 13.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
 - 13.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 13.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
 - 13.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 13.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 13.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
 - 13.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
 - 13.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
 - 13.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
 - 13.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
 - 13.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
 - 13.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado provisionalmente o 18/03/2016
- 14 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósanseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por José Neira Álvarez, presentada con R.E. 260 de 23.XAN,2017. Aporta 2 copias de proxecto técnico asinado por Luis Fernández Fernández, arquitecto COAG 4151 e xustificante de pago de taxas municipais.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981 , salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo rústico**. Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 13.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende a **Reforma de vivenda unifamiliar illada**, está clasificado como **solo de núcleo rural históricotradicional**.

5. A edificación está próxima a un elemento catalogado polo Plan Xeral aprobado inicialmente, pero a unha distancia de amortecemento superior á que fixa a Lei 5/2016, do 4 de maio, do Patrimonio Cultural de Galicia, polo que non se require a tramitación ante a Consellería de Cultura.

6. A **rehabilitación de vivendas anteriores a 1975** está permitida por licenza municipal directa no artigo 40 da Lei do Solo de Galicia e no 63 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2 2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

7. O proxecto presentado non contradí os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito**.

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LOUGA	Plan Xeral 2012	Cumpre
Superficie mínima de parcela	2000	2000	3000	Art. 40
Altura de cornixa	7,00 m	7,00 m	7,00	Art. 40
Ocupación máxima		20%	20%	Art. 40
Superficie ocupada en planta				Art. 40
Número máximo de plantas	B+1	B+1	B+1	Art. 40
Recuamento a lindeiros	Existentes		5 m	Art. 40
Separación a vía pública	Existentes		4 m	Art. 40
Acceso rodado	SI	SI	SI	Si

8. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

9. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios**, DB-SI,segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

10. O proxecto presentado xustifica o cumprimento ao establecido no Decreto 29/2010, do 4 de marzo, polo que se aproban as normas de habitabilidade de vivendas de Galicia. (plano n.º X e punto X da memoria).

11. Consta na documentación a certificación de eficiencia enerxética debidamente rexistrada (R.D. 253/2013, artigos 5, 8 e concordantes do D. 42/2009 e concordantes). O certificado de eficiencia enerxética do edificio rematado, debidamente rexistrado, deberá formar parte do proxecto de execución e será obrigatoriamente anexado á documentación necesaria para a solicitude de licenza de primeira ocupación.

12. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, autorización para o tratamento de augas

13. O proxecto presentado non xustifica, salvo erro ou omisión involuntarios, autorización para o abastecemento de auga.

14. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura na memoria técnica.

15. Segundo o indicado no artigo 36.2 da Lei do Solo de Galicia, e posto que se trata de Solo rústico, non se precisaría solicitar informes sectoriais ao abeiro do establecido no nomeado artigo 36.

16. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, non se observa, salvo erro ou omisión involuntarios, a necesidade de solicitar informes sectoriais ou autorización autonómica ao abeiro do establecido no artigo 41 da mesma para esta solicitude.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se **INFORMA FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de Reforma de vivenda unifamiliar illada solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licencia municipal de obra, con arreglo ás limitacións que se establecen neste informe técnico.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga.
2. Autorización de Augas de Galicia para o tratamento de augas residuais.
3. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
4. Folla de edificación e estatística cumprimentada.”

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a JOSÉ NEIRA ÁLVAREZ para **Reforma de vivenda unifamiliar illada**, no lugar de Cuiña, n.º 30, parroquia de Piñeiro (Silleda), parcela con referencia catastral 36052D502060010001MQ, con arreglo ás limitacións que se establecen no informe técnico transcrito, indicándolle:

1.- Que non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Autorización de Augas de Galicia para o abastecemento de auga,
2. Autorización de Augas de Galicia para o tratamento de augas residuais.
3. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de seguridade e saúde das obras no seu caso.
4. Folla de edificación e estatística cumprimentada.

3.2.- Licenza de Obra Maior. Construcción de Centro de Día e Residencial de Silleda. Camilo Álvarez González, e.r. COVIASSTEC SILLEDA, S.L.

Vista a solicitude de licenza de obra maior, presentada por Camilo Álvarez González, e.r. COVIASSTEC SILLEDA, S.L., Rexistro de Entrada nº 2430 de data 25 de maio de 2017, para construción de Centro de Día e Residencial de Silleda, no Recinto 16 do Recinto Feiral da Semana Verde de Galicia, fronte á estrada EP-6518 (Silleda), referencia catastral 36052G51305443, segundo proxecto básico e de execución do arquitecto Martín Pereiras Corzón.

Visto o informe emitido o 15 de xuño de 2017 polo arquitecto Lino Manuel Doporto Framil no que conclúe o seguinte:

"Solicitante: Camilo Álvarez González, e.r. COVIASSTEC SILLEDA, S.L.
Data de rexistro: 25.MAI.2017 Nº: 2430 Data escrito: 25.MAI.2017
Solicitude: Construción de Centro de Día e Residencial de Silleda.
Tipo de Solicitude: Obra Maior Superficie construída: 2.435,45 m2
Emprazamento: Recinto 16 do Recinto Feiral da Semana Verde de Galicia, fronte á estrada EP-6518
Referencia catastral: 36052G51305443 Superficie Catastro: 344.242 m2
Autor do Proxecto: Martín Pereiras Corzón, arquitecto Colexiado 4236
Outros autores: Carlos González Pérez, enxeñeiro técnico industrial Colexiado 449, autor dos proxectos parciais de instalación de calefacción e de instalación eléctrica.
Proxecto: Básico e de execución. Visado polo Colexio Oficial 22/05/2017, n.º 1702872,2.
Dirección de obra: n/d
Dirección de execución: n/d
Exposición pública BOP DOGA Prensa
Orzamento (P.E.M.) 2.284.567,17 € P.E.M. segundo Mbc ano 2010: Orzamento Mbc €

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- 1 Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de outubro, p:lr el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana
- 2 Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia,
- 3 Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 272016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia
- 4 Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia,
- 5 Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos,
- 6 RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- 7 RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- 8 Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 9 Lei 16/1985, de 25 de xuño, Patrimonio Histórico español.
- 10 R.D, 2187/1978, de 23 de xuño de 1978, Reglamento de Disciplina Urbanística para desarrollo de Ley sobre Régimen del Suelo y Ordenación Urbana.
11. Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.
12. Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.
13. Orden 13/4/2007 modifica a Orde do 18 de abril de 1996 pola que se desenvolve o Decreto 243/1995, do 28 de xullo, no relativo á regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.
14. Decreto 19/2008 do 7 de febreiro, polo que se crea a Rede Galega de Centros de Día de Atención Social para persoas con alzheimer e outras demencias neurodexenerativas.
- 15.Orde do 25 de xuño de 2008 pola que sse regulan os requisitos específicos que deben cumprir os centros de día e as unidades de atención social atención para persoas que padecen alzheimer e outras demencias.
16. Disposición transitoria da Orde de 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, de 4 de febreiro.
17. Orde 20/7/2010 modifica a orde do 18 de abril de 1996, relativa a regulación das condicións e requisitos específicos que deben cumprir os centros de atención a persoas maiores.
18. Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais de Galicia.

19 Planeamento do Concello de Silleda

- 19.1 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda. Aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981.
- 19.2 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1991
- 19.3 M.P. PXOU na Zona Antiga Feira (apartados 2 e 3). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 19.4 M.P. PXOU en Bandeira, redución do ancho Rúa Num 5 (apartado 2). Aprobado definitivamente o 11/05/1995
- 19.5 M.P. PXOU na zona do Centro de Saúde. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 19.6 M.P. PXOU na Ordenanza Reguladora do SUP (ART 78). Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 19.7 M.P. PXOU na zona Feira Internacional. Aprobado definitivamente o 08/04/2002
- 19.8 M.P. Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 22/10/1981
- 19.9 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial Área 33. Aprobado definitivamente o 07/03/2002
- 19.10 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 27/03/2007
- 19.11 M.P. Plan Parcial Parque Empresarial. Aprobado definitivamente o 15/05/2012
- 19.12 M.P. Plan Xeral no ámbito da Semana Verde. Aprobado definitivamente o 06/09/2012
- 19.13 Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Silleda, aprobado provisionalmente o 18/03/2016

20 Concordantes

ANTECEDENTES:

1. Amósaseme para a redacción de informe técnico a solicitude de licenza asinada por Camilo Álvarez González, e.r. COVIASSTEC SILLEDA S.L., presentada con R.E. 2430 de 25.MAI.2017. Aporta 2 copias de proxecto técnico asinado por Martín Pereiras Corzón, arquitecto Colexiado 4236.

2. O Concello de Silleda aprobou inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal o día 18/12/2012 (punto 19.13 da normativa de aplicación deste informe técnico). No acordo de aprobación estableceuse o réxime de suspensión de licenzas durante o prazo de dous anos. Unha vez superado este prazo e non habendo constancia de que fose prorrogado, enténdese que o planeamento en vigor é o de 1981, salvo mellor criterio, que será o que se aplicará na redacción do presente informe, sen prexuízo da observancia dos elementos catalogados, que foron sinalados pola Consellería competente.

3. O proxecto conta, salvo erro ou omisión involuntarios, coa documentación indicada no ANEJO I do Código Técnico da Edificación, que establece a documentación mínima necesaria para obter licenza municipal de obras. A vista da documentación presentada, e da normativa urbanística en vigor, o técnico que subscribe redacta o seguinte informe técnico ao abeiro do artigo 143.2 da Lei do Solo de Galicia:

INFORME TÉCNICO:

4. O solo onde se pretende a actividade encóntrase clasificado no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Silleda, aprobado definitivamente o 4 de xuño de 1981, e pola Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, como **Solo Urbano, ordenanza Servicios Comunitarios, S.C.** Canto ao planeamento aprobado provisionalmente, e que se relaciona no punto 19.13 da normativa de aplicación deste informe, o ámbito onde se pretende recóllese como Área de Planeamento Integrado, polo que lle correspondería a mesma clasificación urbanística.

5. A parcela na que se pretende a edificación da fronte á estrada provincial EP6503, polo que se deberá interesar a **autorización da Deputación Provincial de Pontevedra.**

6. A parcela conta con acceso rodado e tódolos servizos urbanos, por tanto, cumpre coa condición de soar que establece o art 17 da Lei do Solo de Galicia.

7. Cumprimento dos artigos 91 e 92 da Lei do solo de Galicia:

Artigo 91. Adaptación ao ambiente e protección da paisaxe.	CUMPRE
As construcións e instalacións deberán adaptarse ao ambiente no que estean situadas, e para tal efecto:	
a) As construcións en lugares inmediatos a un edificio ou a un conxunto de edificios de carácter histórico ou tradicional deberán harmonizar con el.	Non procede
b) Nos lugares de paisaxe aberta ou natural, ou nas perspectivas que ofrezan os conxuntos	Non procede

urbanos de características históricas ou tradicionais e nas inmediacións das estradas ou camiños de traxecto pintoresco, non se permitirá que a situación, masa ou altura das construcións, muros e cerramentos, ou a instalación doutros elementos, limiten o campo visual para contemplar as beleza naturais, rompan a harmonía da paisaxe, desfiguren a perspectiva propia dela ou limiten ou impidan a contemplación do conxunto.	
c) A tipoloxía das construcións e os materiais e as cores empregados deberán favorecer a integración no contorno inmediato e na paisaxe.	Non procede
d) As construcións deberán presentar todos os seus paramentos exteriores e cubertas totalmente terminados.	Non procede
e) Queda prohibida a publicidade estática que polas súas dimensións, localización ou colorido non cumpra as anteriores prescricións.	SI
f) Nas zonas de fluxo preferente e nas áreas ameazadas por graves riscos naturais ou tecnolóxicos como explosión, incendio, contaminación, afundimento ou outros análogos só se permitirán as construcións e usos admitidos polas lexislacións sectoriais correspondentes.	Non procede
Artigo 92. Protección das vías de circulación.	
1. As construcións e cerramentos que se constrúan con obra de fábrica, vexetación ornamental ou outros elementos permanentes en zonas non consolidadas pola edificación terán que desprazarse un mínimo de 4 metros do eixe da vía pública á que dean fronte, agás que o instrumento de ordenación urbanística estableza unha distancia superior. Unicamente se exclúe desta obriga a colocación de marcos e cerramentos de postes e arame destinados a delimitar a propiedade rústica, así como o establecido no artigo 26.1.e).	SI
2. En todo caso, deberá cumprirse o disposto pola lexislación sectorial aplicable.	SI

8, Consonante ao Plan Xeral vixente, esta actividade é compatible no ámbito definido con esta ordenanza, no uso definido como **sanitario- asistencial**: **"ART. 155.- OffIN/CION: 7,- Se consideran en el mismo, los locales, edificios o parcelas en los que se desarrollan actividades de tipo asistencial, sean de tipo oficial o particular (hospitales, clínicas, dispensarios, consultorios, asilos, residencias de ancianos, etc.). Dentro do mesmo, inscribiríase no grao 3º, "Sanatorios menores-Sanatorios para enfermidades no infectocontagiosas con capacidade inferior a 700 camas", Neste ámbito están todos os graos admitidos, segundo o artigo 49.1 "Normas de Uso_ Usos admitidos" do PXOM: - Sarvatlo-asistencial- Todos los grados'. Porén, nas modificacións puntuais aprobadas definitivamente o 22/1 0/1991 e nas posteriores modificacións, o uso admisible queda como "Sanitario-asistencial,- Grado 3º", Por tanto, **este uso do solo é admitido neste ámbito segundo o PXOM vixente.****

9, Canto á tramitación ambiental. a LEI 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, a actuación proxectada non figura no ANEXO no que se inclúen as actividades sometidas a Avaliación de Incidencia Ambiental. Por tanto, enténdese que está excluída do procedemento de avaliación de incidencia ambiental.

10. O proxecto presentado non contradí os **parámetros urbanísticos establecidos para este ámbito.**

Parámetro	Proxectado	Esixido Plan Xeral/ LEI SOLO	Cumpre
Altura de cornixa	3,40 m	4 plantas au 15,00 m	SI
Ocupación máxima	16,39%	40%	SI
Edificabilidade	0,765 m ³ /m ²	2 m ³ /m ²	SI
Número máximo de plantas	B+1	B+1	SI
Recuamento a lindeiros	> 9,76 m	5 m	SI
Separación a vía pública	> 15,16 m	4 m	SI
Acceso rodado	SI	SI	SI

11. O proxecto presentado xustifica o cumprimento da normativa vixente en materia de **Accesibilidade** de Galicia, segundo se recolle na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

12. O proxecto presentado xustifica o cumprimento do establecido no **Documento Básico Seguridade en caso de Incendios**, DB-SI, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

13. Consta na documentación a certificación de eficiencia enerxética debidamente rexistrada (R.D. 253/2013, artigos 5, 8 e concordantes do D. 42/2009 e concordantes). O certificado de eficiencia enerxética do edificio rematado, debidamente rexistrado, deberá formar parte do proxecto de execución e será obrigatoriamente anexado ó documentación necesaria para a solicitude de licenza de primeira ocupación.

14. O proxecto presentado xustifica o tratamento de augas residuais, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

15. O proxecto presentado xustifica o abastecemento de auga, segundo se xustifica na memoria e na documentación gráfica do proxecto.

16. De acordo coa valoración levada a cabo polos servizos técnicos municipais, considérase axeitado o orzamento que figura no proxecto.

17. Segundo o indicado no artigo 144 da Lei do Solo de Galicia, Prelación de licencias e outros títulos administrativos, a xuízo deste arquitecto, **sería preciso ter, con carácter previo á concesión de licenza municipal e previos os trámites oportunos, as autorizacións previas dos seguintes organismos:**

17.1 Subdirección Xeral de Autorización e Inspección de Servizos Sociais da Consellería de Política Social, a fin de que emita, se procede, **autorización para a construción do centro de acordo có Decreto 254/2011**, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, a fin de que, previos os trámites oportunos, se emita, se procede, **autorización para a construción do centro.**

17.2 Servizo de Infraestruturas da Deputación Provincial de Pontevedra.

Polo que o técnico que subscribe considera que o proxecto presentado non contradí a Normativa urbanística vixente, polo que se podería **INFORMAR FAVORABLEMENTE** a solicitude de concesión da licenza de Construción de Centro de Día e Residencial de Silleda solicitada dende o punto de vista técnico, e proponse para a concesión de licenza municipal de obra, con arreglo ás limitacións que establezan os informes sectoriais sinalados no punto 17 deste informe técnico, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

Porén, non poderán iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de se e saúde das obras no seu caso.
2. Folla de edificación e estatística cumprimentada.”

OBSERVACIÓN DO SR. SECRETARIO: O Secretario fai constar que a empresa solicitou unha bonificación do 95 %, en aplicación do art. de LRFL, pero entende que se debe proceder a liquidación, sen prexuízo de que se estudará a aplicación de esa bonificación, previos informes xurídicos pertinentes.

VISTO que no pleno celebrado o 29-11-2016, adoptouse o acordo seguinte:

“4º.- Aprobación do proxecto construtivo para a edificación de nova planta de Residencia de 3ª Idade, con función de Centro de Día, sobre parcela municipal (Elaborado polo Arquitecto Martín/ David Pereiras Corzón)

Execución material: 1.213.209,59

Gastos Xerais/Beneficio: 1.443.719,41

IVE: 303.181,41

Total execución por contrata: 1.746.900,49 €

O Alcalde recorda os pasos previos, a convocatoria dun concurso de ideas con participación de todos os técnicos que exercen en Silleda e a selección final da proposta que se presenta. Cede a palabra ó Arquitecto Martin Pereiras Corzón.

***Arquitecto:** explica os detalles técnicos, os espazos verdes, a aposta por unha tipoloxía de planta baixa, con aires galaicos, aberta ao exterior e modular, para posibles ampliacións, respetando estritamente a normativa e as esixencias de todo tipo para estas Residencias.*

Finaliza contestando preguntas e aclaracións pedidas polos voceiros do PP e BNG.

***VOTACIÓN:** Visto o Proxecto, se aproba por unanimidade.*

Polo exposto, e de acordo co informe técnico transcrito, esta Xunta de Goberno Local, ao abeiro das atribucións delegadas polo Alcalde na resolución do 15 de xuño de 2015, pola unanimidade dos seus membros presentes, ACORDA:

Primeiro.- CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza municipal de obra maior a COVIASSTEC SILLEDA, S.L. para construción de Centro de Día e Residencial de Silleda, no Recinto 16 do Recinto Feiral da Semana Verde de Galicia, fronte á estrada EP-6518 (Silleda), referencia catastral 36052G51305443, con arreglo ás limitacións que establezan os informes sectoriais sinalados no punto 17 do informe técnico anteriormente transcrito, se ben para o inicio da actividade será preciso aportar comunicación previa conforme ao modelo oficial.

SEGUNDO.- Non poderón iniciarse as obras ata a presentación no Rexistro do Concello e posterior supervisión da seguinte documentación:

1. Oficios de dirección, de dirección de execución e designación de coordinación en materia de se e saúde das obras no seu caso.
2. Folla de edificación e estatística cumprimentada.

TERCEIRO.- Procede actualizar o Orzamento en canto a liquidación, dado que previamente se había aprobado un Proxecto Municipal por importe de:

Execución material: 1.213.209,59
Gastos Xerais/Beneficio: 1.443.719,41
IVE: 303.181,41
Total execución por contrata: 1.746.900,49 €

O Proxecto ampliado que presenta a adxudicataria, para acomodalo ao incremento do número de prazas, tanto para a Residencia como para o Centro de Día, ofrece os valores que seguen:

Execución material:2.284.567,17 €
Gastos Xerais/Beneficio: 434.067,76 €
IVE: 570.913,34 €
Total execución por contrata.: 3.289.548,27 €

Importe da Base Imponíble do ICIO.

Proxecto Municipal importe	Proxecto ampliado que presenta	Importe da Base Imponíble do
----------------------------	--------------------------------	------------------------------

	a adxudicataria	ICIO
1.213.209,59 €	2.284.567,17 €	1.071.357,58 €

CUARTO.- Vista a observación do Secretario, non se toma en conta a solicitude de exención do ICIO, que deberá resolver o Pleno, previos informe/s xurídico/s.

(OBSERVACIÓN DO SR. SECRETARIO: O Secretario fai constar que a empresa solicitou unha bonificación do 95 %, en aplicación do art. de LRFL, pero entende que se debe proceder a liquidación, sen prexuízo de que se estudará a aplicación de esa bonificación, previos informes xurídicos pertinentes).

QUINTO.- Liquidación do Imposto de Construcións Instalacións e Obras (ICIO) e taxas.

a) Liquidación da taxa polo outorgamento de licenza urbanística:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
60,00	60,00		60,00	60,00	0,00

b) Liquidación do ICIO:

Base imponible €	Base liquidable €	Tipo gravame	Débeda tribut. €	Pagado €	Débeda. pte. €
1.071.357,58	1.071.357,58	2,25 %	24.105,55	0,00	24.105,55

SEXTO.- Notifíquese o acordo aos interesados no procedemento, e dese traslado do mesmo aos servizos de urbanismo, intervención e tesourería.

SÉTIMO.- Prazos de ingreso e Medios de pago

Prazos de ingreso

O pago en período voluntario das liquidacións provisionais deberá facerse nos prazos indicados no artigo 62.2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria:

a) Se a notificación da liquidacións se realiza entre os días un e 15 de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o 20 do mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

b) Se a notificación da liquidación se realiza entre os días 16 e derradeiro de cada mes, dende a data de recepción da notificación ata o día cinco do segundo mes posterior ou, se este non fora hábil, ata o inmediato hábil seguinte.

Medios de pago

O Ingreso efectuarase mediante transferencia bancaria á conta que o concello ten aberta en BANCO SANTANDER é que é a seguinte: 0030/6210/22/0925476271.

OITAVO.- Contra o acordo de concesión de licenza, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición regulado nos artigos 52 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación, ou interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa), todo ilo sen perxuízo de que poida exercer calquera outra actuación que estime pertinente para a defensa dos seus dereitos.

Contra as liquidacións poderá interpoñer o recurso de reposición establecido no artigo 14.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da notificación debendo facer constar os extremos indicados no apartado f) do devandito artigo. O recurso deberá ser resolto no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao da súa presentación entendéndose desestimado cando non recaiese resolución en prazo. Contra a resolución do recurso de reposición non poderá interpoñerse de novo este recurso, podendo interpoñerse directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Pontevedra, no prazo de dous meses (artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).

3.3.- Licenza de Actividade. JUAN CARLOS CARBALLO SILVA y Juan Carlos Carballo Silva, e.r. FUNDICIONES DEL DEZA, S.L.

Visto o expediente instruído a instancia de JUAN CARLOS CARBALLO SILVA e Juan Carlos Carballo Silva, e.r. FUNDICIONES DEL DEZA, S.L., solicitando Licencia de Actividade para “Nave para almacén de artigos varios” nas parcelas n.º 28,b (referencia catastral 36052A04906016) e 28 (referencia catastral 36052A04906015) do Polígono Industrial Área 33 de Silleda.

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 12 de febreiro de 2004 acorda:

“3.2.4.- Licencia Nº 2041/03. Visto o expediente instruído a instancia de Dº JUAN CARLOS CARBALLO SILVA, en representación de FUNDICIONES DEL DEZA, S.L., para construción dunha nave para almacén de artigos varios, a situar na parcela nº 28 do parque empresarial Area-33 de Silleda, sito no lugar de A Mera (Silleda). (No informe do Asesor Técnico Municipal consta: según plano nº 2.1 do plan Parcial do Polígono Industrial Área-33, Plano de Zonificación de Usos pormenorizados merxe B e según plano nº 3 da Modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área-33, con selo de Secretaría aprobado definitivamente polo Pleno en sesión 7-marzo-2002, dedúcese que a parcela nº 28 é a número 5 da mazá nº 5).

...

*Esta Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a concesión da **licencia de obra solicitada, e a licencia provisional de actividade**, CONDICIONADA esta última ó cumprimento das observacións e medidas correctoras que, no seu informe, sinala dita Comisión Provincial, non podendo començar a exercerse a mencionada actividade ata tanto non se conceda a licenza definitiva de actividade, para o que será indispensable que se teña levantado acta de comprobación, que o interesado deberá solicitar a este Concello, a cal terá que ser favorable, achegando á petición certificado do técnico director das obras ou instalacións no que se especifique a*

conformidade das mesmas cos términos desta licenza; debendo ingresarse, previamente, nas arcas municipais a cantidade a que ascendan as taxas regulamentarias, según liquidación que practicará a Intervención municipal.”

Visto que, pola Xunta de Goberno Local, en sesión do 07 de xuño de 2011 acorda:

2.1.- Licencia de segregación.

2.1.2.- Dase conta da solicitude presentada por FUNDICIONES DEL DEZA, S.L., Rexistro de Entrada nº 1803, de data 29 de abril de 2.011, de segregar en dúas partes a parcela nº 28 (identificada na vixente Modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área 33 de Silleda como parcela nº 5 da mazá nº 5 do marxe B) do Parque Empresarial Área 33 de Silleda, segundo proxecto técnico redactado polo Enxeñeiro Técnico Industrial Dº José María Silva Señorán e visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de León en data 20 de abril de 2011, referencia 063911.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do Arquitecto Asesor Técnico e o Arquitecto Técnico Municipal, de data 04 de maio de 2.011, no que se sinala:

....

Por unanimidade acorda conceder a licenza de segregación en dúas partes da parcela nº 28 (identificada na vixente Modificación do Plan Parcial do Parque Empresarial Área 33 de Silleda como parcela nº 5 da mazá nº 5 do marxe B) do Parque Empresarial Área 33 de Silleda.”

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 13 de xuño de 2017, asinada polo Arquitecto Municipal, Lino Manuel Doporto Framil e o titular da actividade, JUAN CARLOS CARBALLO SILVA, que literalmente dí:

“ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EXERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS

Actividade: "Nave para almacén de artigos varios, na parcela con referencia catastral 36052A04906016, número 28.b do parque empresarial Área-33 (Silleda).

Calificación Según escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (rexistro de entrada no Concello n.º 431 de data 30-xaneiro-2004) a actividade califícase como MOLESTA, SCD.

Certificación: Según CERTIFICADO FINAL DE OBRA, do técnico redactor do PROXECTO e director da obra Don José M.ª Silva Señorán, Enxeñeiro Técnico Industrial, de decembro de 2010, e con ENTRADA: Concello de SILLEDA:

Data: 10-maio-2017.

Núm. de rexistro: 2180

Titular da actividade: Don JUAN CARLOS CARBALLO SILVA

No termo municipal de SILLEDA, na parcela con referencia catastral 36052A04906016, número 28,b do parque empresarial Área-33 (Silleda), persónase ás 10:00 horas do día 8 de xuño do ano 2017, o Arquitecto Municipal Lino Manuel Doporto Framil, en presenza de Don JUAN CARLOS CARBALLO SILVA, con DNI 52,480,992-Y, e efectúa a visita de comprobación demandada polo interesado en data 10-maio-2017 en referencia a licenza municipal n.º 2041/03, según COMISIÓN DE GOBERNO do día 12-febreiro-2004.

Procedese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando CERTIFICACIÓN DE FINALIZACIÓN, reflexada anteriormente.

A continuación examínase si se adoptaron tódalas medidas correctoras impostas na licenza e constátanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.

*De todo isto resulta que **SI** pode iniciarse a actividade de "Nave para almacén de artigos varios" na parcela con referencia catastral 36052A04906016, número 28.b do parque empresarial Área-33 (Silleda) posto que se cumpren os requisitos para o exercicio da actividade e a apertura do establecemento, segundo o artigo 29,2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e o art. 88 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos."*

Vista a Acta de comprobación para o exercicio de actividades clasificadas, de data 13 de xuño de 2017, asinada polo Arquitecto Municipal, Lino Manuel Doporto Framil e o titular da actividade, Juan Carlos Carballo Silva, e.r. de FUNDICIONES DEL DEZA, S.L., que literalmente dí:

"ACTA DE COMPROBACIÓN PARA O EJERCICIO DE ACTIVIDADES CLASIFICADAS"

Actividade: "Nave para almacén de artigos varios, na parcela con referencia catastral 36052A04906015, número 28 do parque empresarial Área-33 (Silleda).

Calificación Según escrito da Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente (registro de entrada no Concello n.º 431 de data 30-xaneiro-2004) a actividade califícase como MOLESTA, SCD.

Certificación: Según CERTIFICADO FINAL DE OBRA, do técnico redactor do PROXECTO e director da obra Don José M.ª Silva Señorán, Enxeñeiro Técnico Industrial, de decembro de 2010, e con ENTRADA: Concello de SILLEDA:

Data: 10-maio-2017.
Núm. de rexistro: 2180

Titular da actividade: Don Juan Carlos Carballo Silva, en representación de FUNDICIONES DEL DEZA, S.L.

No termo municipal de SILLEDA, na parcela con referencia catastral 36052A04906015, número 28 do parque empresarial Área-33 (Silleda), persónase ás 10:00 horas do día 8 de xuño do ano 2017, o Arquitecto Municipal Lino Manuel Doporto Framil, en presenza de Don Juan Carlos Carballo Silva, en representación de FUNDICIONES DEL DEZA, S.L., con DNI 52,480,992-Y, e efectúa a visita de comprobación demandada polo interesado en data 10-maio-2017 en referencia a licenza municipal n.º 2041/03, según COMISIÓN DE GOBERNO do día 12-febreiro-2004.

Procedese, en primeiro lugar, a comprobar se o emprazamento axustase ó proxecto aprobado, constando CERTIFICACIÓN DE FINALIZACIÓN, reflexada anteriormente.

A continuación examínase si se adoptaron tódalas medidas correctoras impostas na licenza e constátanse visualmente que as medidas correctoras foron adoptadas.

*De todo isto resulta que **SI** pode iniciarse a actividade de "Nave para almacén de artigos varios" na parcela con referencia catastral 36052A04906015, número 28 do parque empresarial Área-33 (Silleda) posto que se cumpren os requisitos para o exercicio da actividade e a apertura do establecemento, segundo o artigo 29,2 da Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia e o art. 88 do Decreto 144/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento único de regulación integrada de actividades económicas e apertura de establecementos."*

A Xunta de Goberno Local segundo o contido das Actas de comprobación de data 13 de xuño de 2017, anteriormente transcritas, e os acordos da Xunta de Goberno Local do 12 de febreiro de 2004 e 07 de xuño de 2011 acorda:

Primeiro.- A concesión de licenza de actividade definitiva a JUAN CARLOS CARBALLO SILVA, para Nave para almacén de artigos varios, na parcela con referencia catastral 36052A04906016, número 28.b do parque empresarial Área-33 (Silleda).

Segundo.- A concesión de licenza de actividade definitiva a FUNDICIONES DEL DEZA, S.L., para Nave para almacén de artigos varios, na parcela con referencia catastral 36052A04906015, número 28 do parque empresarial Área-33 (Silleda).

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as trece horas e cuarenta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 26 de Xuño de 2017

Vº e Prace
O ALCALDE,
P.D. O 1º Tte de Alcalde

O SECRETARIO

Asdo. Klaus Brey Montaña

Asdo. Manuel Quintáns Queiruga